

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro **XOVES, día 05 de decembro /2019 ás 20 HORAS** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, de borradores de actas das sesións anteriores: 07.11.19 (Ordinaria) e 15.11.19 (Extraordinaria e urxente).

2º.- Aprobación inicial de ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos do Concello de Valdoviño.

3º.- Agrupación praza tesoureiría, Concello Cedeira e Valdoviño.

4º.- Recuperación de oficio de camiño público, nº de activo 1C.3.0177.

5º.- Adhesión do Concello á “Asociación para a xestión do Xeoparque do Cabo Ortegal”, de conformidade aos seus Estatutos o nomeamento de persoa deste Concello como representante na Asamblea Xeral.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

6º .- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de outubro.

7º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE